


ORIENTACIÓNS ALUMNADO 4º ESO

OPCIÓNS AO REMATAR 4º DA ESO	2
O BACHARELATO.....	3
As probas ABAU.....	7
OS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.....	12
AS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL.....	15
ARTE DRAMÁTICA.....	15
OS CICLOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.....	16
OS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO.....	17
ENSEÑANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS	18
ENSEÑANZAS DE MÚSICA.....	20
ENSEÑANZAS DE DANZA.....	21
FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE.....	22
ACCESO Á CARREIRA DE OFICIAL DA GARDA CIVIL.....	23

ORIENTACIÓN ALUMNADO 4º ESO

OPCIÓN AO REMATAR 4º DA ESO

1. Comenzamos repasando as opcións que temos ao rematar 4º da ESO. Para ir repasando cada unha delas a continuación:



O BACHARELATO

O Bacharelato son dous cursos académicos e ao rematar podemos acceder a un Ciclo Superior ou a estudos de Grao na Universidade.

Criterios a ter en conta para elixir o bacharelato:

1- Os teus intereses

2- As materias de cada modalidade.

3- Os Graos Universitarios que che interesan.

É importante saber a que rama de coñecemento está asociado o Grao universitario que quero cursar . Se os estudos que che interesan son todos da mesma rama de coñecemento a decisión é fácil. No caso de que dubides entre estudos de diferentes ramas deberás escoller a modalidade que che permita acceder mellor.

4- A nota de corte de cada grao.

Se é moi alta, a modalidade de Bacharelato é moi importante. A nota que che permite acceder a estudos universitarios é o resultado da media ponderada entre a media de Bacharelato (0.6) e a túa nota na parte obrigatoria das probas Abau (0.4). Hai unha parte voluntaria que serve para subir ata catro puntos. As materias que che permiten subir ata 2 puntos (ponderan 0.2) están relacionadas coa rama de coñecemento á que está asociada o grao.

5- O ciclo Superior que che interesa.

Neste caso tamén é importante á rama de coñecemento á que está asociada o Ciclo porque no caso de ter moita demanda teñen preferencia as modalidades de bacharelato asociadas. Se depois de cursar un Ciclo Superior queres acceder á universidade, a media do ciclo sería a nota de acceso e poderías subir nota presentándote á parte voluntaria para subir ata catro puntos con materias relacionadas co Grao que queres cursar.

A CONTINUACIÓN PRESENTÁMOSCHE O CADRO XERAL DAS MATERIAS DE BACHARELATO:

ITINERARIOS DE 1º BACHARELATO CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		ARTES
<p>1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Matemáticas I (4h)</p> <p><i>ELIXIR 2:</i> 1) Bioloxía e Xeoloxía (4h) 2) Debuxo Técnico I (4h) 3) Física e Química (4h)</p>	<p>Itinerario de Ciencias Sociais</p> <p>1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4h)</p> <p><i>ELIXIR 2:</i> 1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)</p>	<p>Itinerario de Humanidades</p> <p>1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Primeira Lingua estranxeira I (3h) 4) Lingua Galega e Literatura I (3h) 5) Educación Física (2h) 6) Latín I (4h)</p> <p><i>ELIXIR 2:</i> 1) Economía (4h) 2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h) 3) Grego I (4h) 4) Literatura Universal (4h)</p>	<p>1) Filosofía (3h) 2) Lingua Castelá e literatura I (3h) 3) Lingua Galega e Literatura I (3h) 4) Primeira Lingua estranxeira I(3h) 5) Educación Física (2h) 6) Fundamentos da Arte I (4h)</p> <p><i>ELIXIR 2:</i> 1) Cultura Audiovisual I (4h) 2) Historia do mundo contemporáneo (4h) 3) Literatura Universal (4h)</p>

CURSAR UN TOTAL DE 6 HORAS:

- 1) Análise Musical I (3h)
- 2) Anatomía aplicada (3h)
- 3) Cultura Científica (2h)
- 4) Debuxo Artístico I (3h)
- 5) Linguaxe e Práctica Musical (3h)
- 6) Segunda Lingua Estranxeira I (2h)
- 7) Tecnoloxía Industrial I (3h)
- 8) Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h)
- 9) Volume (3h)
- 10) Relixión (1h)
- 11) Materia troncal de opción non cursada (4h) 12) Materia de libre configuración autonómica (2h)
- 13) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilid centro).

ITINERARIOS DE 2º

BACHARELATO
CIENCIAS

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

ARTES

- 1) Historia de España
- 2) Lingua Castelá e literatura II (3h)
- 3) Lingua Galega e Literatura II (3h)
- 4) Primeira Lingua estranxeirall (3h)
- 5) Matemáticas II (4h)

ELIXIR 2:

- 1) Bioloxía e Xeoloxía (4h)
- 2) Debuxo Técnico I (4h)
- 3) Física e Química (4h)

Itinerario de Ciencias Sociais

- 1) Historia de España
 - 2) Lingua Castelá e literatura II (3h)
 - 3) Lingua Galega e Literatura II (3h)
 - 4) Primeira Lingua estranxeira II (3h)
 - 5) Matemáticas Aplicadas ás CC Sociais II (4h)
- ELIXIR 2:*
- 1) Economía (4h)
 - 2) Xeografía
 - 3) Grego II (4h)
 - 4) Historia da arte (4h)
 - 5) Obrigatoria: Hª da Filosofía (4h)

Itinerario de Humanidades

- 1) Historia de España
 - 2) Lingua Castelá e literatura II (3h)
 - 3) Primeira Lingua estranxeira II (3h)
 - 4) Lingua Galega e Literatura II (3h)
 - 5) Latín II (4h)
- ELIXIR 2:*
- 1) Economía (4h)
 - 2) Xeografía
 - 3) Grego II (4h)
 - 4) Hª da Arte (4h)
 - 5) Obrigatoria: Hª da Filosofía(4h)

- 1) Historia de España
 - 2) Lingua Castelá e literatura II (3h)
 - 3) Lingua Galega e Literatura II (3h)
 - 4) Primeira Lingua estranxeira II(3h)
 - 5) Fundamentos da Arte II (4h)
- ELIXIR 2:*
- 1) Cultura Audiovisual II (4h)
 - 2) Artes escénicas
 - 3) Deseño

CURSAR UN TOTAL DE 6 HORAS:

- 1) Análise Musical I (3h)
- 2) Anatomía aplicada (3h)
- 3) Cultura Científica (2h)
- 4) Debuxo Artístico I (3h)
- 5) Linguaxe e Práctica Musical (3h)
- 6) Segunda Lingua Estranxeira I (2h)
- 7) Tecnoloxía Industrial I (3h)
- 8) Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h)
- 9) Volume (3h)
- 10) Relixión (1h)

11) Materia troncal de opción non cursada (4h)

12) Materia de libre configuración autonómica (2h)

13) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilidad do cent

TOTAL: 32 horas lectivas

Dúbidas máis frecuentes en relación ao Bacharelato:

Cantas veces podoo repetir curso?

Podes repetir unha vez cada curso. Excepcionalmente poderás repetir unha segunda vez un dos cursos, pero para iso será necesario un Informe favorable de todo o equipo docente.

Olo porque tes un máximo de 4 convocatorias. Se en 4 cursos non sacas o Bacharelato terás que ir a Educación para Persoas Adultas.

Con cantas materias pendentess podoo pasar a 2º?

O alumnado de bacharelato promocionará de 1º a 2º cando:

- supere todas as materias
- teña como máximo dúas materias suspensas, que deberán ser superadas o curso seguinte

E o Título?

O alumnado de bacharelato obterá o título cando teña superadas todas as materias de 1º e 2º.

Podoo cambiar de modalidade en 2º?

Sí é posible, aínda que terás que cursar as seguintes materias de 1º da nova modalidade que escollas:

- Materia troncal de modalidade (Matemáticas, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais ou Latín)
- Unha materia troncal de opción.

As probas ABAU

A ABAU é a proba de avaliación de Bacharelato que permite o acceso ao Sistema Universitario . Estructúrase en dúas partes : unha obrigatoria e unha voluntaria.

Parte obrigatoria ou Xeral : materias troncais xerais + materia troncal da modalidade escollida:

Troncais xerais	Troncais de modalidade
Historia de España Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1ª Lingua Estranxeira	Matemáticas II Matemáticas Aplicadas ás CCSS II Latín II Fundamentos da Arte

Parte voluntaria:

Para mellorar a cualificación de admisión poderás examinarte dun máximo de catro

materias de entre as materias troncais de opción que mellor nota che proporcionen (que ponderen (0,2 ou 0,1). Poderás subir ata un máximo de catro puntos.

Cálculo da nota de acceso:

Nota de acceso: $0.6*NMB + 0.4 CFX + a* M1 + b* M2$

NMB: nota media de Bacharelato

CFX: calificación da Fase Xeral

M1, M2 : calificación dun máximo de dúas materias da fase voluntaria que proporcionen mellor nota de acceso.

a,b: parámetros de ponderación das materias da fase específica, 0,2, 0,1.

- A nota de acceso só incorpora as calificacións das materias da fase voluntaria que estén vinculadas á rama de coñecemento do título ao que se quere acceder
- Podes presentarte ata a catro materias na parte voluntaria, terán en conta as calificacións que proporcionen mellor nota de acceso.
- Podes ter distintas notas de acceso dependendo dos distintos graos aos que opta

Nos seguintes enlaces podes consultar as notas de corte e as táboas de ponderación nas universidades de Galicia:

<https://ciug.gal/PDF/notascorte20.pdf>

<https://ciug.gal/PDF/ponderacions.pdf>

Se queredes consultar todas as universidades de España tedes o Programa Orienta, con información moi completa e actualizada.

Os Estudos Universitarios:

Os títulos universitarios divídense en títulos de:


GRAO: Obtense o título de graduado.

POSTGRAO:

- **MASTER:** trala superación dun grao obtense unha formación especializada e máis avanzada. Acádase o título de Master.
- **DOUTORAMENTO:** trala superación dun grao e un master, obtense unha formación avanzada en técnicas de investigación. Acádase o título de doutor.

Todos estes títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento**, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de bacharelato. A cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas diferentes universidades.

1. **Ciencias Sociais e xurídicas.**
2. **Artes e humanidades.**
3. **Ciencias da saúde.**
4. **Ciencias.**
5. **Enxeñaría e arquitectura.**



--	--

--	--

Títulos de Grao

Podemos ver unha recopilación da oferta de títulos das universidades galegas e a súa relación coas ramas de coñecemento

CIENCIAS	Ciencias Ambientais Ciencias do mar Química Bioloxía Nanociencia e nanotecnoloxía Bioquímica Física Matemáticas	Biotecnoloxía Ciencia e tecnoloxía dos alimentos
CIENCIAS DA SAÚDE	Medicina Odontoloxía Podoloxía Psicoloxía Enfermería Fisioterapia	Nutrición humana e dietética Farmacia Óptica e optometría Terapia ocupacional Logopedia Veterinaria
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Enxeñaría Civil Enxeñaría de Obras Públicas Enxeñaría Eléctrica Enxeñaría de Electrónica Industrial e Automática Enxeñaría Agraria Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria Enxeñaría Forestal e do Medio Rural Enxeñaría Forestal Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos Enxeñaría Aeroespacial Enxeñaría Informática Enxeñaría en Organización Industrial Enxeñaría Mecánica Enxeñaría Naval e Oceánica Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto Enxeñaría en Química Industrial Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais Enxeñaría en Organización Industrial Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais Tecnoloxía da Enxeñaría civil Ciencia e Enxeñaría de datos Tecnoloxías Mariñas Arquitectura Técnica Estudos de arquitectura Robótica	
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Dereito Administración e Dirección de Empresas	

	<p> Criminoloxía Ciencia Política e da Administración Comercio Ciencias Empresariais Xestión de Pequenas e Medianas Empresas Educación Infantil Educación Primaria Educación Social Traballo Social Relacións Laborais e Recursos Humanos Economía Socioloxía Turismo Pedagogía Xornalismo Comunicación Audiovisual Empresa e Tecnoloxía Dirección e Xestión Pública Xestión Industrial da moda Xeografía e Ordenación do Territorio Paisaxe Ciencias da Actividade Física e do Deporte Xestión Dixital de Información e Documentación </p>
ARTES E HUMANIDADES	<p> Belas Artes Linguas Estranxeiras Tradución e Interpretación Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Filoloxía Clásica Filosofía Historia Historia da Arte Lingua e Literatura Española Lingua e Literatura Galega Lingua e Literatura Inglesas Lingua e Literatura Modernas Ciencias da Cultura e Difusión Cultural Español: Estudos Lingüísticos e Literarios Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios </p>
DOBLES GRAOS	<p> Educación Infantil + Educación Primaria Turismo+ Xeografía e Historia Comunicación Audiovisual+Xornalismo ADE+Dereito Dereito+Relacións Laborais Enxeñaría informática + Matemáticas Matemáticas +Física Química +Bioloxía </p>

	Química +Física Farmacia+Óptica Enxeñaría Agrícola +Forestal Inglés + Galego-Portugués Español+Galego-Portugués Enxeñaría Mecánica+Naval e Oceánica
--	--

OS CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

A formación profesional ordénase en **27 familias profesionais** –grupo de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.

Á súa vez, as familias profesionais están constituídas por ciclos e cada ciclo formativo comprende un conxunto de módulos profesionais de formación teórica e práctica.

Os **ciclos formativos** poden ser de **grao básico, medio ou de grao superior**, e teñen unha duración de dous cursos académicos. Teñen como obxectivo prepararte para a actividade profesional elixida e capacitarte para o desempeño cualificado dunha profesión.

Cada ciclo formativo comprende unha serie de módulos. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico que terías que estudar (“as materias”). Existen uns módulos que son comúns a tódolos ciclos: **FOL** (Formación e Orientación laboral), **EIE** (Empresa e iniciativa emprendedora), **FCT** (Formación en Centros de Traballo). O tipo de módulos que se estudan están directamente relacionados coa profesión, é dicir, xa non existen materias como lingua e literatura, matemáticas, filosofía, ciencias sociais, etc. , pero é moi importante a formación previa que teñas para ter unha boa base que che faga cursar con éxito os ciclos.

Os ciclos teñen no seu período final un período de prácticas que terás que desenvolver nunha empresa. Chámase **FCT (Formación en Centros de Traballo)** e dura 3 meses. É un módulo con moitas horas e para acceder a el hai que superar todos os outros módulos que se imparten no ciclo.

Consulta aquí os folletos informativos de toda a oferta de Galicia

<http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp>

ACCESO A CICLOS DE GRAO MEDIO (CM)

a) Estar en posesión de un dos seguintes títulos

- o título de ESO.
- Título Profesional Básico (FP Básica) -
- Título de Bacharelato

ou

b) Ter superada unha proba de acceso e ter 17 anos cumpridos no ano de realización de dita proba.

ACCESO A CICLOS DE GRAO SUPERIOR (CS)

a) Estar en posesión de un dos seguintes títulos:

- Título de Bacharelato. A cada CS teñen preferencia os que cursaron determinadas modalidades de bacharelato.
- Título de Técnico de Formación Profesional (Ciclo Medio). En cada CS teñen preferencia os titulados nun ciclo medio da mesma familia profesional.
- Título de Técnico Superior de Formación Profesional (Ciclo Superior).
- Título universitario.

Ou

b) Ter superada unha proba de acceso e ter 19 anos cumpridos no ano de realización da proba

OFERTA DE CICLOS NOS CENTROS DA CONTORNA

LOCALIDADE	CENTRO EDUCATIVO	CICLOS
Salvaterra de Miño	Ies Salvaterra	CB (FP Básica) Carpintería e moble CM Soldadura e Calderería
Tui	IES Indalecio Pérez Tizón	CB Electricidade e electrónica CM Instalacións eléctricas e automáticas CM Actividades comerciais CS Xestión de vendas e espazos comerciais
Porriño	IES Pino Manso	CB Informática de oficina
Porriño	IES Ribeira de Louro	CB Electricidade e electrónica CB Servizos Comerciais CM Xestión Administrativa

		CM Instalación de Telecomunicaciones CS Administración e Finanzas CS Comercio Internacional
As Neves	IES Pazo da Merce	CB Informática de oficina CM Sistemas microinformáticos e redes
Gondomar		CM Conducción de actividades Físico deportivas

AS ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

Son ensinanzas cunha organización algo diferente á dos estudos de Réxime Xeral e nas que hai que superar unha proba de aptitude para acceder a elas.

ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL	<ul style="list-style-type: none">- Arte Dramática- Ciclos de FP de Artes Plásticas e Deseño- Estudos Superiores de Deseño, Vidro e Cerámica- Ensinanzas Deportivas- Música e Danza- Idiomas
--	---

ARTE DRAMÁTICA

Estas ensinanzas constitúen un Ciclo único de catro cursos cunha titulación final equivalente a Grao Universitario. Estrúctúrase en tres especialidades: **Dirección de escea e dramaturxia, Escenografía e Interpretación**. A súa vez cada unha das especialidades está dividida nos seguintes itinerarios:

ESPECIALIDADES	OPCIÓNS
Dirección de escena e dramaturxia	Dirección de escena Dramaturxia
Escenografía	Escenografía
Interpretación	Interpretación xestual Interpretación con obxectos Interpretación textual

Acceso

- Para o acceso hai que estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente e superar unha proba específica para cada especialidade.
- Se non tes o título de Bacharelato pódese acceder con 18 anos cumpridos a unha proba de acceso sobre as materias de Bacharelato.

- A proba de acceso específica para cada especialidade consta de dous exercicios:
 - 1º exercicio: análise dun fragmento dun texto dramático e análise dun fragmento dun ensaio teatral que ten carácter eliminatorio. Publícanse os textos de obrigada lectura para esta proba.
 - 2º exercicio: son varias probas prácticas diferentes segundo a especialidade á que se queira acceder. Fanse públicos os textos propostos para as probas de carácter práctico.
- Para máis información preme aquí:
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1568>

OS CICLOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

- Comprenden estudos relacionados coas artes plásticas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e resauración de bens culturais.
- Organízanse en ciclos formativos de Grao Medio e Superior e Estudos Superiores (equivalentes a Graos universitarios)
- Teñen a mesma estrutura que a FP de Réxime Xeral: Ciclos Formativos de Grao Medio e Ciclos Formativos de Grao Superior Así que despois da ESO podes acceder aos Ciclos de GM e despois do Bacharelato aos Ciclos de G.S. Pero so terán acceso directo o alumnado que cursase o Bacharelato de artes. Os demáis terán que facer unha proba que valorará as súas aptitudes artísticas.
- Obtense o título de Técnico Superior que dá acceso a certas titulacións universitarias e aos estudos Superiores de Deseño.
- **Familias profesionais**
 Dentro de cada familia ofértanse ciclos de grao medio e de grao superior:
 - Comunicación gráfica e audiovisual
 - Escultura
 - Cerámica artística
 - Deseño de interiore
 - Xoiería artística
 - Artes aplicadas ao libro
- **Onde se estudan :**

Estas ensinanzas pódense estudar en Ourense , A Coruña e en Lugo

Localidade	Centro	Familia Profesional	Ciclo
Ourense	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	Comunicación Gráfica e Audiovisual Escultura	- CS de Fotografía - CS de Ilustración - CS de Ebanistería artística
A Coruña	Escola Pablo Picasso	Comunicación Gráfica e Audiovisual Escultura	- CS de Fotografía - CS de Ilustración - CS de escultura aplicada ao espectáculo - CS de dourado, prateado e policromía.
Santiago	Escola Mestre Mateo	Comunicación Gráfica e Audiovisual Deseño de interiores Escultura Xoiaría artística	- CS de Fotografía - CS de arquitectura efémera -CS de Técnicas escultóricas -CM de Procedementos de Xoiaría artística - CS de Xoiaría artística
Lugo	Escola Ramón Falcón	Comunicación Gráfica e Audiovisual Artes aplicadas ao libro Cerámica	- CS de Fotografía - CM de Serigrafía Artística - CS de Gravado e Técnicas de estampación

OS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

Están encamiñados á formación de profesionais no mundo do deseño nas especialidades

de interiores, moda, produtos e deseño gráfico.

Dración: 4 anos

Titulación : equivalente a un grao universitario

Donde se imparten:

Escola de arte Mestre Mateo de Santiago	Deseño de moda Deseño de Produtos
Escola de arte Pablo Picasso de A Coruña	Deseño de interiores Deseño Gráfico
Escola de arte Ramón Falcón de Lugo	Deseño de interiores Deseño gráfico
Escola de arte Antonio Failde	Deseño de interiores Deseño gráfico

Formas de acceso:

- Teñen acceso directo o alumnado que teña o título Superior de Artes Plásticas e Deseño
- Accederán mediante proba específica o alumnado que teña o título de Bacharelato ou equivalente
- Poderase acceder sen o título de Bacharelato os maiores de 18 anos a través dunha proba sobre materias do Bacharelato.

Conservación e restauración de bens culturais

Acceso:

- Teñen acceso directo o alumnado que teña o título Superior de Artes Plásticas e Deseño
- Accederán mediante proba específica o alumnado que teña o título de Bacharelato ou equivalente
- Poderase acceder sen o título de Bacharelato os maiores de 18 anos a través dunha proba sobre materias do Bacharelato

Para máis información sobre as probas preme aquí:

- http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/probas_acce_crbbcc_10_2019.pdf

Especialidades en Galicia (Escola de Restauración e Conservación de Pontevedra):
escultura, pintura e arqueoloxía

Título: Graduado Universitario

ENSINANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS

Destinadas á formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade concreta.

Organización:

Ciclo Grao Medio.- Obtense o Título de técnico deportivo nunha especialidade deportiva concreta

Comprende dous niveis:

- nivel 1.-1100 horas
- nivel 2.- 1100 horas

Realizáanse os dous niveis nun curso académico e para acceder ao nivel 2 e necesario superar o nivel 1

Ciclo Grao Superior.- Obtense o Título de Técnico Superior nunha modalidade deportiva concreta.

1100 horas

Especialidades:

Fútbol, Fútbol Sala, Deportes de inverno(esquí alpino, esquí de fondo, snowboard), Atletismo, Balonmán, Hípica, Vela.

Requisitos de acceso: (ollos nas ensinanzas deportivas o acceso de ciclo medio a superior non é directo)

CGM:

- nivel 1: Título da ESO + Proba específica da modalidade á que opta. Para os que non teñan a ESO poden acceder coa superación dunha proba de madureza se teñen 17 anos (convalidable pola proba de acceso a Ciclos Medios)

- nivel 2: ter superado o nivel 1

CGS:

- Título de de Bacharelato ou equivalente + Título de técnico deportivo (CGM). Para os que non teñan o Título de Bacharelato poden acceder se superan unha proba de madureza e teñen 18 anos (convalidable pola proba de acceso a CS).
- A superación deste ciclo permite o acceso a estudos universitarios de Grao.

Para máis información sobre as probas preme neste enlace

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/probas_acce._deportivas_0.pdf

Oferta:

CENTROS PÚBLICOS DE GALICIA

IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	Fútbol e Balonmán
IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía)	Baloncesto e Vela
IES As Barxas (Moaña)	Atletismo
IES Universidade Laboral (A Coruña)	Fútbol
CIFP A Fariña (Ourense)	Fútbol Sala
IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo)	Atletismo
IES Río Cabe (Monforte)	Fútbol

CENTROS PRIVADOS AUTORIZADOS DE GALICIA

Federación Galega de Fútbol Sala (Vigo-Pontevedra)	Fútbol Sala
CAD Cenade (Vigo)	Fútbol
CAD Montecastelo (Vigo)	Fútbol
CADF Cemar- (Mondariz)	Hípica
CAD Ourense	Deportes de inverno e Deportes de montaña
CAD Liceo La Paz (A Coruña)	Fútbol Sala e Baloncesto
CADF Real Club Deportivo de A Coruña	Fútbol
CAD Santa Apolonia (A Coruña)	Hípica e Vela
CAD A Coruña	Fútbol e Fútbol Sala
CAD Federación Galega de Fútbol (A Coruña)	Fútbol e Fútbol Sala

ENSINANZAS DE MÚSICA

Poden ser:

- Regradas: estúdanse en Conservatorios de Música e Centros autorizados (obtense un título con validez académica e profesional)
- Non regradas: Escolas de música (obtense un Certificado)

Estrutura:

- **Ensinanzas de Grao Elemental.**- idade mínima de acceso 8 anos e comprende catro cursos académicos

- **Ensinanzas de Grao Profesional.**- duración de 3 ciclos de 2 anos cada un. Non hai límite de idade para o acceso pero sí que hai que superar unha proba que será diferente segundo o ciclo ou curso no que se queira ingresar. O alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o Título de Bacharelato se superas as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de Bacharelato que o/a alumno/a elixa.
- **Ensinanzas de Grao Superior.**- duración un ciclo de 4 cursos. Accédese co Título de Bacharelato + unha proba específica para cada especialidade. Se non cumpre os requisitos pódese acceder superando unha proba de acceso para maiores de 16 anos. Ao finalizar obtense o Título Superior que equivale a Graduado Universitario.

Especialidades:

- As especialidades profesionais reguladas son 25: canto flamenco, cante, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, flauta travesera, flauta de pico, guitarra flamrnca, instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco, oboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, tuba, viola, viola de gamba, violín e violoncello.
- As especialidades do Grao Superior son: Composición, Dirección, Producción e Xestión, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía.

ENSINANZAS DE DANZA

Poden ser:

- Regradas: estúdanse en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza (obtense un título con validez académica e profesional)
- Non Regradas: estúdanse en Escolas de Danza (obtense un certificado)

Estrutúranse en:

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** Comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes físicas e expresivas dos aspirantes relacionadas coa danza e co sentido musical, mediante unha proba. Neste grao non se obtén titulación, só un certificado acreditativo.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en

total). Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba en xuño , que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar, os contidos tamén dependen da especialidade na que se queira ingresar. O alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de bacharelato se supera a as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa.

- **Ensinanzas de Grao Superior:** Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos. Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato ou equivalente, e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non cumpres estes requisitos podes acceder se superas unha proba extraordinaria para maiores de 16 anos. Celébranse en xuño. Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Especialidades:

- GRAO MEDIO: Danza clásica, Danza Española e Danza Contemporánea.
- GRAO SUPERIOR: Pedagogía da Danza, Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza.

FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

(Oposicións ao Corpo da Garda Civil escala de Cabos e Gardas)

Requisitos:

- Nacionalidade española
- Acreditar boa conducta cidadana (mediante certificado e informe)
- Carecer de antecedentes penais
- Ter entre 18 e 40 anos.
- Posuír o título de ESO ou Superiores ou acreditar a superación da proba de acceso a Ciclos de Grao Medio.
- Posuír o permiso de condución clase B ou Superior.
- Posuír a aptitude psicofísica acreditada
- Altura: mulleres 1'60 e homes 1'65, máximo 2'03.

Probos De Selección:

- **1º fase de concurso:** consistirá na valoración dos méritos académicos e profesionais do aspirante e terá en conta os méritos académicos (notas, idiomas da escolas oficiais de idiomas, títulos académicos (Bacharelato, Ciclos formativos, selectividade, titulación universitaria, etc.) e os méritos profesionais (carreira militar).
- **2º fase de oposición:** consistirá no desenvolvemento das seguintes probas:

- Ortografía , exercicio eliminatorio cunha duración de dez minutos
- Coñecementos, contestación por escrito a unha enquisa de 100 preguntas sobre materias xurídicas,socioculturais e técnico científicas, cunha duración de hora e media.
- Lingua estranxeira:contestación por escrito a unha proba de 20 preguntas sobre o idioma (inglés ou francés) durante 20 minutos.
- Psicotécnica, test de personalidade
- Acreditación de aptitude física:
 - Exercicios físicos: proba de resistencia muscular, de velocidade,de potencia do tren superior,extensora do tren superior e proba de natación.
 - Recoñecemento médico: aplicarase un cadro de exclusións.
- Entrevista persoal: destinada a contrastar os datos das probas psicotécnicas e a adecuación do aspirante ao perfil profesional da Garda Civil.

Unha vez superadas as probas de selección o aspirante terá un prazo para a entrega da documentación e pasará por dous períodos de formación

- 1º periodo: un curso académico en centro docente
- 2º periodo; formación en prácticas durante un ano

ACCESO Á CARREIRA DE OFICIAL DA GARDA CIVIL

Accédese por promoción interna ou por acceso directo de todos aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacionalidade española
- Ter entre 18 e 21 anos
- Carecer de antecedentes penais
- Non atoparse nun proceso ou imputado nalgún procedemento xudicial por delito doloroso.
- Non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública nin ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.
- Cumprir os requisitos de acceso aos estudos universitarios

Probas de selección:

- Lingua inglesa
- Aptitude psicofísica: probas físicas, psicolóxicas e recoñecemento médico.

Titulación:

- Tras cinco cursos de formación obtense a graduación de Teniente e o Título civil de grao universitario de Enxeñaría da seguridade.

OPOSICIÓNS A POLICÍA LOCAL

Pódese acceder ao corpo de Policía Local municipal mediante a superación do proceso selectivo convocado nos concellos.

Requisitos:

- Ser maior de idade
- Nacionalidade española
- Altura mínima de 1.65 para homes e 1.60 para mulleres
- Non ter enfermidade ou defecto físico que poida dificultar, limitar ou impedir as actividades propias da Policía Local.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.
- Carecer de antecedentes penais por delitos dolosos.
- Declaración xurada de compromiso de portar armas e utilízalas nos casos previstos na lei.
- Título de Bacharelato ou equivalente.
-

As probas do proceso selectivo en Galicia son as seguintes:

Probas Físicas:

- Tren Superior: flexións de brazo
- Tren Inferior :salto horizontal
- Velocidade: carreira de 50 m. lisos
- Resistencia:carreira de 1000 m. lisos
- Natación : 25 m. Estilo libre

Proba Escrita: consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 100 preguntas, con catro alternativas de resposta cada unha. Os aspirantes disporán dun tempo de dúas horas para a súa realización. 40 temas.

OPOSICIÓNS AO CORPO NACIONAL DE POLICÍA

Ingreso na escala básica:

Requisitos:

- Ser español.
- Maior de 18 anos.
- Estatura mínima de 1´65 nos homes e 1´60 nas mulleres.
- Ter o título de Bacharelato ou equivalente.
- Declaración xurada do solicitante de compromiso de portar armas.
- Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

Probas De Selección:

1ª fase de oposición:

Constará das seguintes probas de carácter eliminatorio:

- Proba de coñecementos: contestación a unha enquisa de preguntas sobre as materias xurídicas, sociais e materias técnico – científicas (acorde co temario correspondente) , e

proba de ortografía.

- Proba de aptitude física: tendente a comprobar as condicións de forza, axilidade, velocidade e resistencia do/da opositor /a.

- Proba psicotécnica: realización de varias enquisas para determinar a personalidade do aspirante e entrevista persoal.

- Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusións.

Exercicio voluntario de idiomas: francés ou inglés con un nivel de ESO, a nota do cal se sumará á de coñecementos.

2º fase de formación e prácticas:

Os opositores que superasen a fase de oposición e presentaran nos prazos establecidos a documentación esixida, serán nomeados policía – alumnos e incorporaranse ó centro de formación da división de formación e perfeccionamento. Primeiro realizarán unha fase teórica, tendo que superar todas as materias para poder pasar á fase práctica. Para a superación das dúas fases disporán dunha convocatoria ordinaria e unha única extraordinaria.

Ingreso na escala executiva

Requisitos: Os mesmos que para a escala básica excepto no título académico, que deberá ser de graduado universitario.

Solicitudes: Igual que na escala básica.

Probos De Selección:

1º oposición:

- Probos de aptitude física: para comprobar as condicións de forza, axilidade, flexibilidade, velocidade e resistencia.

- Proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario, resolución dun suposto práctico e exercicio escrito e oral de idiomas (inglés ou francés) cun nivel de 2º de Bacharelato.

- Proba psicotécnica: tests de personalidade e entrevista persoal.

- Recoñecemento médico: para comprobar que se cumpre o cadro médico de exclusión.

2º cursos de formación:

Realización de 2 cursos académicos ordinarios no centro docente correspondente, cursando materias das áreas xurídica, psico-social, técnicas policiais, tecnoloxía aplicada, e educación física.

1º curso será selectivo e irrepitible, e quen non o supere na convocatoria ordinaria, ou única extraordinaria, causará baixa no centro docente e perderá toda expectativa de ingreso.

2º curso poderá repetirse completamente unha soa vez.

3º período de prácticas:

Será un módulo irrepitible destinado a valorar unha serie de características persoais: responsabilidade, adicación, disciplina, integridade, espírito de equipo, decisión e corrección.

Inspector/a

Os requisitos son os mesmos que para policía Escala Básica, só que se ascendería por promoción interna tendo estado tres anos en permanencia mínima na categoría de Subinspector. Por oposición libre necesítase ser Graduado Universitario ou ter formación equivalente ou superior.

Oposicións os corpos de institucións penitenciarias:

Existen **4 escalas** ou corpos:

- Corpo de axudantes: título de Bacharelato ou Ciclo de grao Superior.
- Corpo de técnicos: título de graduado en dereito, psicoloxía, socioloxía ou pedagogía.
- Corpo facultativo: título de graduado en medicina e cirurxía.
- Corpo de enfermeros: título de graduado universitario en enfermería.

Para o acceso a cada corpo é preciso superar un **proceso de selección** que consistirá na superación das seguintes probas:

1ª proba de coñecementos: enquisa de preguntas sobre o temario.

2ª proba de casos prácticos.

3ª proba de aptitude médica: para comprobar que cumpres o cadro de exclusións médicas.

4º período de formación teórico – práctico (unha vez superado o proceso de oposición).

FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE	REQUISITOS DE ACCESO
Garda Civil (escala cabos e gardas)	Título da ESO ou superior
Garda Civil, Oficial	Cumprir os requisitos de acceso á Universidade
Policía Local	Título de Bacharelato ou equivalente
Policía Nacional (Escala Básica)	Título de Bacharelato ou equivalente
Policía nacional (Escala Executiva)	Título de Graduado Universitario
Inspector de Policía	Título de Graduado Universitario
Corpo de Institucións Penitenciarias	Título de Bacharelato
Bombeiro	ESO ou Ciclo Medio
Soldado profesional	Título da ESO

